

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------------|----------|---------------|
| 36011634 | Politécnico de Vigo | Vigo | 2023/2024 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|--------------------------|---------------------------|--------------------------|------------------------------------|-------------------|
| EOC | Edificación e obra civil | CSEOC01 | Proxectos de edificación | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de adultos |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0573 | Formación e orientación laboral | 2023/2024 | 4 | 107 | 128 |
| MP0573_12 | Prevenção de riscos laborais | 2023/2024 | 4 | 45 | 54 |
| MP0573_22 | Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego | 2023/2024 | 4 | 62 | 74 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|---------------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | FERNANDO MIGUEL OTERO FERNÁNDEZ |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo que se establece nos decretos que desenvolven os títulos están expresados en resultados de aprendizaxe, aprendizaxes que o alumnado deberá adquirir para desenvolver con éxito a súa profesión no contorno laboral. Asociados aos resultados de aprendizaxes establécense os criterios de avaliación e os contidos que proporcionarán a información e destrezas para lograr as competencias definidas no perfil do título.

Neste sentido, a inclusión do módulo de Formación e Orientación Laboral en todos os títulos da Formación Profesional ten como xustificación que se considera un módulo clave para garantir que o alumnado adquira unha competencias esenciais para unha adecuada inserción laboral, tanto a través do coñecemento da lexislación laboral como do traballo en equipo e das condicións de seguridade e saúde.

Ademais cómpre engadir que a Lei Orgánica de Educación modifica o módulo de FOL a fin de incorporar os contidos do curso básico de prevención de riscos laborais establecido no Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizo de Prevención. Con esta novidade, dende o sistema educativo garántese que o alumnado adquira unhas competencias en materia de prevención que posibilitarán unha prevención eficaz e integrada no contorno laboral.

O módulo de FOL, sendo un módulo presente en todos os ciclos formativos, debe adecuar os seus contidos a realidade do ámbito produtivo de cada familia profesional e ciclo formativo, de modo que na impartición do módulo se parta do sector produtivo propio de cada familia profesional ademais da propia realidade do alumnado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|--|--------------------|----------|
| 1 | A relación laboral e o contrato de traballo | Describir as particularidades da relación laboral incluídas as modalidades de contratación | 20 | 20 |
| 2 | Representación e situacións de crise das relacións laborais. | Modificación, suspensión e extinción do contrato. A representación das persoas traballadoras. | 14 | 14 |
| 3 | O traballo en equipo. | O traballo en equipo, roles. Eficacia e eficiencia do traballo en equipo. A reunión de traballo. | 6 | 4 |
| 4 | Seguridade social e desemprego. | Estrutura da seguridade social e principais prestacións contributivas | 16 | 15 |
| 5 | A procura de emprego. | Autocoñecemento, itinerarios e procura activa de emprego. | 18 | 15 |
| 6 | Introdución legal á prevención de riscos laborais. | Relacionar a saúde co traballo e viceversa e coñecer os conceptos básicos de prevención así como os dereitos e deberes dos traballadores | 10 | 8 |
| 7 | Avaliación de riscos e planificación de medidas. | Condicións de traballo, factores de risco, danos profesionais e a avaliación dos riscos no traballo. Medidas de prevención e protección. | 16 | 8 |
| 8 | A Prevención de Riscos Laborais na empresa. Organización e Plan de Prevención | Organización da prevención de riscos laborais, representación e elaboración do plan de prevención | 16 | 8 |
| 9 | Emerxencias e primeiros auxilios. | Plan de emerxencias e primeiros auxilios. | 12 | 8 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 1 | A relación laboral e o contrato de traballo | 20 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. | NO |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo. |
| CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais. |
| CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo. |
| CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos. |
| CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral. |
| CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en proxectos de edificación. |
| CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres. |
| CA2.8 Analízouse o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran. |
| CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Dereito do traballo. |
| Novos contornos de organización do traballo. |
| Análise do recibo de salarios e os seus principais elementos (CA.2.8) |
| Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais. |
| Análise da relación laboral individual. |
| Dereitos e deberes derivados da relación laboral. |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en proxectos de edificación. |
| Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación. |
| Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 2 | Representación e situacións de crise das relacións laborais. | 14 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral. |
| CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa. |
| CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución. |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| 0Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais. |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 3 | O traballo en equipo. | 6 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en proxectos de edificación e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual. |
| CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces. |
| CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo. |
| CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas. |
| CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo. |
| CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo. |
| CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Diferenciación entre grupo e equipo de traballo. |
| Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización. |
| Equipos no sector da construción segundo as funcións que desempeñen. |
| Dinámicas de grupo. |
| Equipos de traballo eficaces e eficientes. |
| Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade. |
| Conflito: características, tipos, causas e etapas. |
| Técnicas para a resolución ou a superación do conflito. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------------------|----------|
| 4 | Seguridade social e desemprego. | 16 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía. |
| CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social. |
| CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa. |
| CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos. |
| CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| A seguridade social como pilar do estado social. |
| Estrutura do sistema de seguridade social. |
| Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social. |
| Protección por desemprego. |
| Prestacións contributivas da seguridade social. |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 5 | A procura de emprego. | 18 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida. | SI |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais. |
| CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo. |
| CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea. |
| CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo. |
| CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en proxectos de edificación. |
| CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral. |
| CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en proxectos de edificación. |
| CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego. |
| CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais. |
| Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en proxectos de edificación. |
| Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa. |
| Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en proxectos de edificación. |
| Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en proxectos de edificación. |
| Proceso de toma de decisións. |
| Proceso de procura de emprego no sector de actividade. |
| Técnicas e instrumentos de procura de emprego. |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 6 | Introdución legal á prevención de riscos laborais. | 10 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral. | SI |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora. |
| CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras. |
| CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais. |
| CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente. |
| CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores. |
| CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da construción. |
| CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais. |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde. |
| Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. |
| Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais. |
| Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral. |
| Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos. |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 7 | Avaliación de riscos e planificación de medidas. | 16 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da construción. | SI |
| RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en proxectos de edificación. | NO |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en proxectos de construción. |
| CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles. |
| CA2.3 Clasifícanse e descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en proxectos de edificación. |
| CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en proxectos de edificación. |
| CA2.5 Levoase a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade. |
| CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse. |
| CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos. |
| CA4.3 Selecciónanse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas. |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais. |
| Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados. |
| Riscos específicos no sector da construción en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados. |
| Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da construción. |
| Medidas de prevención e protección individual e colectiva. |

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 8 | A Prevención de Riscos Laborais na empresa. Organización e Plan de Prevención | 16 |

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados. | NO |

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa. |
| CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais. |
| CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos. |
| CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais. |
| CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén. |
| CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en proxectos de edificación. |

4.8.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades. |
| Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais. |
| Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos. |
| Planificación da prevención na empresa. |
| Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención. |

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------------------|----------|
| 9 | Emerxencias e primeiros auxilios. | 12 |

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados. | NO |
| RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en proxectos de edificación. | NO |

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia. |
| CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título. |
| CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. |
| CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade. |
| CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias. |

4.9.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo. |
| Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector. |
| Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia. |
| Aplicación das técnicas de primeiros auxilios. |
| Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios. |

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para obter os Resultados de Aprendizaxe (RA) en cada Unidade Didáctica (UD) defínense Actividades de ensino e aprendizaxe (A) que permitirán coñecer e avaliar o grao de consecución de obxectivos alcanzados polos alumnos a través dos Instrumentos de Avaliación (IA) propostos nos Criterios de Avaliación (CA).

- As cualificacións do alumnado levaranse a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza a xefatura de estudos.
- A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10.
- Para aprobar, o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5.
- O resultado da nota de cada avaliación sairá da fórmula $N = 0,30P + 0,70E$, sempre que E fose superada.

P: traballos prácticos (media da cualificación das diferentes entregas realizadas)

E: exame presencial teórico ou teórico-práctico (media do exame ou exames da avaliación)

- Non se poderá superar E se non se acada o 50% do valor total de cada un dos exames.

A nota final do módulo será como mínimo a media ponderada das notas das avaliacións trimestrais realizadas durante o curso, sempre que fosen superadas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O longo de todo o proceso de aprendizaxe do alumno realizarase unha análise, detección e rectificación das carencias e dos erros cometidos nas fases anteriores e proporanse actividades de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado.

As actividades de recuperación estableceranse de modo individualizado, baseándose naquelas partes pendentes de recuperar.

O profesor indicarlle a cada un dos alumnos os contidos a recuperar e que poderán ser valorados mediante probas obxectivas (teóricas e/ou prácticas), entrega dun novo traballo e/ou modificación do traballo obxecto de recuperación.

Fixaranse os prazos de entrega e os criterios de presentación.

Os alumnos que non superaron o módulo na avaliación ordinaria terán a opción de acudir a unha proba de avaliación extraordinaria

As datas, horarios e estrutura da proba serán anunciados previamente no taboleiro de anuncios do centro e na aula virtual.

Neste caso terán que realizar unha proba específica (teórica e práctica) dos contidos do curso tendo que obter una puntuación de 5 sobre 10.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Este apartado non procede na modalidade a distancia

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

7.1. PROCEDIMIENTO PARA O SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN.

Para realizar o seguimento da programación, o profesorado empregará a ferramenta que ofrece a propia aplicación web para a elaboración da programación. Este seguimento ten como obxectivo comprobar se se vai cumprindo o programado, xustificar as posibles modificacións que tiveran que realizarse. O seguimento farase de xeito sistemático ao remate de cada unidade didáctica, aínda que poderá realizarse tamén noutros momentos en caso de considerarse necesario (dificultades particulares por parte do alumnado, perda de horas lectivas debido a unha circunstancia extraordinaria, ...)

7.2. AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE.

Coa intención de mellorar a calidade da propia práctica docente e de proporcionar unha atención individualizada ao alumnado, realizarase unha avaliación trimestral de dita práctica. Estas avaliacións faranse principalmente de xeito escrito e garantindo o anonimato do alumnado, coa intención de favorecer a sinceridade das súas respostas. Excepcionalmente, ante dificultades ou eventuais conflitos que poidan darse na aula, poderán realizarse pequenas charlas ou debates orais para escoitar a opinión do alumnado sobre o desenvolvemento da programación. Nas enquisas trimestrais que se lle pasarán ao alumnado realizaranse preguntas sobre a metodoloxía empregada na aula, a atención prestada polo profesorado, a súa motivación cara o módulo de FOL ou a utilidade que lle ven ás competencias adquiridas neste módulo. O alumnado terá 5 opcións de resposta progresiva (1=completamente en desacordo, 2=en desacordo, 3=nin de acordo nin en desacordo, 4=de acordo, 5= moi de acordo) e un espazo de resposta aberta para realizar as súas propostas de mellora, que serán tidas en conta para a realización de eventuais modificacións.

Os resultados do alumnado, especialmente os do primeiro trimestre, tamén serán tidos en conta como método de avaliación da práctica docente. En caso de atoparnos cunha porcentaxe significativa do alumnado que non acadara os obxectivos no primeiro trimestre comezará un proceso de reflexión e de intervención que poderá supor eventuais modificacións na programación.

Finalizado o curso o profesor cumprimentará a Memoria Final do curso onde se recollerán todos os aspectos anteriores, e en especial as propostas de mellora.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Ao comezo do curso, no momento de cubrir as fichas persoais do alumnado, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite ao docente. O docente coordinarase co titor/a do curso anterior e con outros profesorado que traballen co grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado.

Valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnado con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico.

En cada Unidade Didáctica detectarase o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Compre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie de circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais,

capacidades xenerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

a) Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.

b) Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si

Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo. Vixiar en colaboración dito departamento situacións de acoso que se poidan dar para identificalos e correxilos.

c) Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.

d) Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

A experiencia dos últimos anos nos vén indicando a necesidade de medidas especiais de atención á diversidade, máis alá dalgunha diferenza idiomática, por parte de alumnos que procedían de países estranxeiros, de fala castelá, de outras comunidades autónomas ou desta propia comunidade.

Tales diferenzas foron sempre resoltas acomodando puntualmente o vehículo de comunicación ás dificultades do alumno e tratando, en todo momento, de conciliar o dereito dos alumnos e alumnas a percibir e comprender con rigor os coñecementos transmitidos polo profesor, co cumprimento da lexislación vixente nesta materia..

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A LOMCE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de

coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

Educación ambiental, relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos..) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.

Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta san e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc;

Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc; Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para o presente curso preténdese realizar, como vén sendo habitual en cursos pasados, algunhas actividades que acheguen o alumnado ao mundo da empresa.

Neste sentido, poderán ser organizadas polo profesor ou profesora, en colaboración do Departamento de FOL e a Dirección do Centro, actividades complementarias tales como:

Charla en colaboración con sindicatos e asociacións patronais.

Visita a algunha empresa do contorno e ao xulgado do social.

Charlas en colaboración co Gabinete de Seguridade de Rande.

Participación activa do alumnado de FOL no simulacro de evacuación do instituto.

Debate sobre a Reforma Laboral contando con membros de sindicatos, da Cámara de Comercio ou de asociacións empresariais e/ou de diferentes partidos políticos. Os alumnos prepararán previamente as preguntas. A actividade durará aproximadamente dúas horas, e ao remate os alumnos, por equipos, realizarán un resumo da charla, recollendo as posturas de cada un dos conferenciantes.

Visión de películas como ferramenta de aprendizaxe e axeitada tralas as sesións de avaliación de cada trimestre. Entre outros filmes, pola temática próxima ao entorno do Instituto: Los lunes al sol.

Actividades extraescolares organizadas polo centro. Deben figurar na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria, polos profesores do Departamento en colaboración coa Dirección e outros Departamentos.

Visita a unha oficina do Servizo Público de Emprego: comprobación en espazo e tempo real de cómo se tramitan as solicitudes de prestación por desemprego e outras accións de formación e orientación laboral lavadas a cabo na oficina. Esta actividade deberá desenvolverse unha vez traballadas as unidades relacionadas coas Relacións Laborais e a Seguridade Social.

Visita aos Xulgados do Social de Vigo: trátase de coñecer as instalacións e asistir a algún xuízo no que se diriman asuntos relacionados coas unidades do módulo, como poden ser: despedimentos, determinación da relación laboral, accidente de traballo.

Feiras de Emprego e Orientación Laboral, que se organicen na comunidade galega ou fóra dela, sempre e cando contemos con orzamento para

organizar os desprazamentos

Todo o anterior si as condicións sanitarias o permiten.

10.Outros apartados

10.1) Secuenciación da programación

Na primeira clase de comezo do curso os alumnos e alumnas serán informados da presente programación, e do número de unidades de que consta, así como dos contidos de cada unha delas e dos textos a utilizar para o estudo e preparación. O profesor recomendará os alumnos/as como ferramenta de consulta o libro de Formación e Orientación Laboral,

Será informado igualmente da realización das probas de avaliación e das normas de réxime interno que rexen a vida da comunidade educativa do IES Politécnico de Vigo.

Serán informados igualmente das datas aproximadas dos exames, que deberán ser confirmadas na aula nas proximidades dos días sinalados.

O resumo da programación que se entregará aos alumnos, en soporte papel ou nun arquivo .pdf, conterá os seguintes epígrafes:

- Obxectivos do módulo de FOL.
- Unidades didácticas que se impartirán por trimestre.
- Metodoloxía.
- Datas de avaliación.
- Avaliación do módulo.
- Recuperación do módulo.
- Recursos e materiais.
- Baixa na avaliación continua.

Como acreditación da súa entrega pedirase a firma do Delegado de curso. A asistencia á clase, sen que conste falta, será indicatoria de que o alumno/a foi informado dos aspectos esenciais desta Programación, así como da mecánica das probas trimestrais e final e das datas fixadas para elas.

10.2) AULA VIRTUAL

10.2 AULA VIRTUAL CESGA

Para esta materia dispónse dunha AULA VIRTUAL aloxada na páxina web del IES POLITÉCNICO de Vigo e cun enlace ca aula virtual CESGA:

<https://aula.cesga.es/>

Cada alumno/a será rexistrado polo profesor para poder descargar todo o material empregado para a impartición deste módulo e subir os traballos realizados.

Para cada unidade didáctica, o alumnado dispoñerá de todo material empregado para a impartición do módulo:

- Apuntamentos (documento Word) e Presentación PowerPoint
- Vídeos explicativos
- Actividades



- Material complementario: Normativa, páxinas web de consulta, artigos técnicos etc.

CLASES PRESENCIAIS. Neste caso o profesor fará a exposición de cada unidade didáctica con presentacións PowerPoint. Resolveranse as dúbidas que vaian xurdindo e comentaranse artigos e vídeos relacionados cos contidos de cada unidade didáctica. Na aula virtual subiranse vídeos, enlaces relacionados ca materia y exercicios para resolver. No caso de traballar en equipo utilizaranse ferramentas dixitais.

- As primeiras clases adicaranse a presentar a programación do módulo. Ademais, o profesor, fará o rexistro e matrícula nos diferentes cursos da aula virtual e explicarase o seu funcionamento.

CLASES A DISTANCIA. Para resolver dúbidas e coincidindo con datas próximas aos exames, poderán programarse clases telemáticas, fóra do horario escolar e de forma voluntaria.

10.3) Equipos informáticos e conectividade a internet

10.4 Equipos informáticos e conectividade a internet.

A comezos de curso pedirase ao alumnado que cumprimenten un cuestionario para coñecer a dispoñibilidade de medios informáticos e conexión a internet tratando detectar as posibles carencias para tratar de solucionarlas.